

VIDEOTITORIAS DE SCHOOLOGY.

PARTE 2

9. Establecer criterios de avaliación

Nesta parte estableceremos por unha banda as categorías que nos interesa avaliar (comportamento, actitude, coñecementos...), dándolle un peso a cada unha delas dentro da nota final, e por outra banda definiremos os períodos de cada avaliación.

<https://youtu.be/ittJcLvS7fE>

10. Como cualificar ao alumnado

Esta é unha parte que parece algo máis complicada pero que unha vez comprendida non é tanto como semella.

O primeiro que veremos será a pantalla da libreta de cualificacións, onde aparece a relación do alumnado. Desde aí podemos configurar o que queremos ver: todas as avaliacións, unha en concreto, todas as categorías, unha en concreto, etc. Ao principio só veredes a columna da media xeral e as das avaliacións, e todo sen nota ningunha.

Comezaremos pois a crear columnas. E neste videotutorial serán do seguinte tipo:

- **Columna de cualificacións na categoría de exames.** Nela poderemos engadir as notas manualmente. Útil se facemos un exame “tradicional”, con bolígrafo e papel, e queremos poñer as notas neste cadro. Importante, igual que no resto de columnas, de marcar a opción de ver estatísticas.
- **Proba ou cuestionario.** Para crear unha proba que se realizará dentro da rede Schoology. Unha vea creada a columna, desde a súa cabeceira, pinchando sobre ela, accedemos ao menú para crear as preguntas do cuestionario. Unha vez creado e habilitado, cada alumno e alumna poderá facelo. Unha vez enviado, automaticamente a nota aparecerá na columna, dentro da ringleira de cada alumno ou alumna. Desde esa caixa da nota poderemos poñer unha anotación (visible ou non polo alumno) ou cambiar esa puntuación manualmente.
- **Columna de cualificacións na categoría de comportamento ou de actitude** (ou calquera outra categoría que teñamos creada). Importante nestes casos desmarcar a opción de visibilidade para o alumnado.

A medida que van aparecendo notas en cada proba, vai variando o valor na columna da media xeral e na de a avaliación correspondente. Este valor medio ten en conta, por suposto, a ponderación de cada unha das categorías. Non “pesa” o mesmo un 7 en comportamento que un 7 nun exame.

Veremos tamén a posibilidade de visualizar estatísticas, tanto por columna como por alumno ou alumna.

<https://youtu.be/3OrMlciBv64>

11. Como facer unha proba

Nesta parte, a máis longa de todas, veremos como confeccionar unha proba, un exame, para o alumnado. Farémolo vendo todas as opcións que os ofrece Schoology:

- Tipo test
- De escolla
- De ordenación
- Resposta aberta, de desenvolvemento
- Cubrir espazos baleiros
- Relacionar columnas

Para facer esta práctica, é conveniente que teñades preparas preguntas e respostas para cada unha das modalidades. Non importa tanto o contido como que comprendades o funcionamento de cada opción.

E por certo, desculpade o fallo no videotutorial, ao marcar como falso o enunciado de que o Paleolítico se desenvolve entre o 5000 e o 3000 a. C. 😊

E tamén outro fallo, cando creamos a proba, no cadro de creación, logo de poñer o nome de proba, (minuto 1:47) aparece unha opción para incluír a data de finalización, non de inicio como se di no videotutorial. É dicir, que aí marcaremos o prazo tope para enviar a proba feita.

https://youtu.be/C3Vb_wcGBlg

12. Como organizar o alumnado

Nesta parte veremos como:

- Cambiar o código de acceso para o rexistro.
- Organizar o alumnado en grupos e editar eses grupos.
- Comprobar o modo en que cada alumno e alumna visualiza a súa conta.
- Cambiar o contrasinal de acceso dun alumno ou alumna.
- Cancelar unha matrícula.
- Esixir unha aprobación previa para matricularse no curso.

<https://youtu.be/o9VJdSsF3ZM>

13. Como usar a mensaxería

O videotutorial máis curto de todos, porque a mensaxería é algo moi sinxelo e funciona igual que en calquera outra rede social. Veremos como saber se temos mensaxes novas, como enviar mensaxes, contestalas e inserir arquivos ou enlaces nas mensaxes.

Tamén imos ver o aviso que nos aparece en Schoology cando algún dos nosos alumnos ou alumnas é menor de 13 anos e non temos a nosa conta verificada.

<https://youtu.be/5BzGskvVb7w>

14. Recursos e grupos en Schoology

Nesta parte veremos unha introdución ao uso dos recursos e os grupos en Schoology. Dentro dos recursos aprenderemos a engadir á carpeta persoal material que xa teñamos creado e a gardar recursos públicos compartidos.

Aprenderemos a unirnos a un grupo público e a forma de crear un grupo con diversos niveis de privacidade.

<https://youtu.be/3Qiu4V97X3E>

15. Como dar acceso a pais e nais

Neste capítulo coñeceremos a forma de xerar un código para dar acceso a Schoology a pais e nais do noso alumnado, para que desta maneira podan facer un seguimento da súa participación, as súas cualificacións, probas ou asistencia. Tamén é unha forma excelente de manter un contacto máis directo co profesorado.

https://youtu.be/dCR_IO3yhFI

16. A aplicación móbil de Schoology

No último videotutorial do curso veremos como é a aplicación para móbil de Schoology. Seguramente o noso alumnado vai acceder máis á rede social a través dun dispositivo móbil, máis que desde un ordenador de sobremesa ou portátil. Por iso convén coñecer a súa interface e familiarizarse co seu uso. Polo tanto, é recomendable, no caso de usar co alumnado esta rede social, ter descargada a aplicación no móbil.

A aplicación está dispoñible tanto para sistema Android como para Apple.

<https://youtu.be/xsTB2gnBRNA>

E unha vez rematado o curso, se queredes eliminar a conta que usastes para as probas, só tedes que acceder a ela, á vosa conta, e unha vez coa vosa conta aberta, ir ao seguinte enlace:

<https://www.schoology.com/settings/account/action?delete>

E xa desde a páxina que se abrirá vos indicarán os pasos a seguir para eliminar definitivamente a conta. Non é difícil e é un proceso rápido.

Ao eliminar unha conta, quítanse todas as entregas, os recursos e o contido asociados coa conta, e nin a conta nin os elementos se poden restablecer.

Nota importante: Antes de poder eliminar a conta, hai que eliminar os cursos e grupos que se teñan creado.